

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PADERNE

Oferta de emprego público - estabilización de emprego temporal 2022 Concello de Paderne

ANUNCIO da oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal.

Mediante a Resolución da Alcaldía deste concello do 23 de maio de 2022 aprobouse a oferta de emprego público para a estabilización do emprego temporal, coas seguintes prazas segundo publicación de plantilla no BOP de A Coruña nº244 de 24 de decembro de 2021:

DENOMINACION PRAZA	CATEGORIA	Nº PRAZAS	SITUACIÓN LABORAL	SISTEMA (DA 6ª e 8ª LEI 20/2021)
Axente de emprego e desenvolvemento local	Axente de emprego e desenvolvemento local	1 vacante	Laboral Indefinido non fixo	CONCURSO
Traballador/a Social	Traballador/a Social	1 vacante	Laboral Indefinido non fixo	CONCURSO
Educador/a Familiar	Educador/a Social / Familiar	1 vacante	Laboral Indefinido non fixo	CONCURSO
Técnico de Cultura	Técnico cultural	1 vacante	Laboral Indefinido non fixo	CONCURSO

En cumprimento do artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e do artigo 70.2 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público aprobado polo Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, publícase a oferta de emprego público para a estabilización de emprego temporal do Concello de PADERNE.

Contra a presente resolución pódese interpoñer alternativamente recurso de reposición ante o alcalde, no prazo dun mes, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do contencioso-administrativo competente ou, a elección do/da interesado/a, o que corresponda ao seu domicilio, no prazo de dous meses. Se se opta por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non se poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto.

Todo iso sen prexuízo de que poida interpoñer calquera outro recurso que puidese estimar máis conveniente ao seu dereito.

Paderne, 23 de maio de 2022

D. César Longo Queijo

Alcalde presidente

2022/2950